

**PASES ÚNICOS EN NUMAX:** 4, 13 e 21 de xuño | V.O.S.E.

*Nocturama* (2016, 130')

**Dirección:** Bertrand Bonello

**Guión:** Bertrand Bonello

**Elenco:** Finnegan Oldfield, Martin Petit-Guyot, Vincent Rottiers, Jamil McCraven, Hamza Meziani, Laure Valentinelli, Rabah Nait Oufella, Manal Issa, Adèle Haenel, Luis Rego

**Son:** Nicolas Cantin, Andreas Hildebrandt, Robert Keilbar

**Música:** Bertrand Bonello

**Dirección de arte:** François Willenz

**Fotografía:** Léo Hinstin

**Produtoras:** Pandora, Scope Pictures, Wild Bunch, Eurimages, CNC, Rectangle Productions, WDR, Canal+, Arte France, FFA, Arte France, Centre National de la Cinématographie (Francia, Bélxica, Alemaña)

**Distribuidora:** Institut Français

**Formato de proxección:** DCP2K, 2.35:1

**Idioma orixinal:** Francés

## FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

*Saint Laurent*, 2014

*Casa de tolerancia*, 2011

*De la guerre*, 2008

*Cindy: The Doll is Mine*, 2005

[curtametraxe]

*Tiresia*, 2003

*Le pornographe*, 2001

*Quelque chose d'organique*, 1998

## PREMIOS E FESTIVAIS

Mar del Plata 2016 (Mellor fotografía),

Donostia 2016 (Sección oficial),

Lumière 2017 (Nomeado a mellor

filme, dirección e fotografía), Toronto

(Sección Platform)

## SINOPSE

Unha mañá en París. Un grupo de adolescentes de diversa procedencia. Cada un deles comeza a executar unha estraña danza no labirinto do metro e as rúas da capital. Parecen seguir un plan. Os seus xestos son precisos, case perigosos. Reúnense no mesmo lugar, uns grandes almacéns, á hora do peche. París entra en erupción. A noite comeza.

«Unha provocadora,  
irreverente e desacougante  
aproximación ao terrorismo»

Luis Martínez, EL MUNDO

Sesión realizada  
en colaboración  
coa Alliance Française  
e Institut Français

af  
Alliance Française

INSTITUT  
FRANÇAIS  
Espagne



## “Queríamos suscitar pensamento a través do xesto e as accións, non do diálogo”

**Entrevista a Bertrand Bonello**  
Por Jean-Michel Frodon

**Haberá xente que considere o filme inaxeitado ou que pense que fai apoloxía do terrorismo.** Nin o un nin o outro, coido que o interese e o malestar susténtase nas interreferencias do real. A cuestión da relación realidade/ficción interésame moito. Hai un aspecto cultural, moi francés, xa que, por exemplo, os americanos sérvense acotío da ficción para afrontar os seus demos. En Francia resulta moito máis difícil poñer estas dimensións en xogo. E é precisamente neste mecanismo onde se xoga o sentido do filme.

**As interferencias do real mesmo se trasladaron ao proceso de produción do filme, pois durante ese período tiveron lugar graves acontecementos.** O filme escribiuse en 2011-2012, antes dos atentados. A gravación tivo lugar no verán de 2016, logo de Charlie Hebdo e Bataclan. Pensamos arreo no tema máis non atopei ningunha razón de fondo para mudar o guión ou a posta en escena. Pola contra si que modificamos cuestións de linguaxe, envitando a palabra *terrorismo*, que foi fagocitada por Dáesh, cando as

orixes do terrorismo existen desde a noite dos tempos. Do mesmo xeito tivemos que mudar o título que, en orixe, ía ser *París é unha festa*. Gústame moito que se chame *Nocturama* [título dunha canción de Nick Cave], un título máis ficcional e dalgún xeito fantasmagórico. Esa é tamén a razón do cartaz, que remite ao cinema de ciencia ficción.

**O filme apóiase nunha saturación da realidade cotiá pola violencia mais, en xeral, sen referirse a causalidades concretas, nin moito menos aos feitos que recolle o filme.** Exactamente. E é dese xeito que as explosións se poñen en escena, de maneira case abstracta, como cadros, sen figurantes nin pretensións de realismo. Simplemente imaxes.

**A primeira parte do filme, situada no exterior, en París, antes das explosións, ten un gran realismo á hora de retratar os lugares, os traxectos, as atmosferas... e é moi estilizada.**

*Nocturama* é o meu filme máis posto en escena, o máis metodicamente traballado, plano a plano, movemento de cámara a movemento de cámara, etc. E ao mesmo tempo deu lugar a unha investigación moi forte. As escenas no metro son filmadas en condicións documentais, con usuarios reais e un equipo de gravación moi pequeno.

**Este contacto co real chega tamén á elección dos actores.** Busquei un equilibrio entre os actores profesionais e os non profesionais, que achegaron incontábeis elementos reais, na súa voz, rostros, posturas, ritmos e xestos,

etc. Na rodaxe estiven moi atento a non facer desaparecer aquilo que viña deles, tentando integralo ao que tiña escrito.

**Trátase dun filme moi escrito?** Até os máis pequenos detalles. Todos os diálogos, músicas e situación.. Pasei fins de semana enteiros na Samaritaine, o centro comercial onde transcorre a segunda parte do filme, imaxinando movementos de cámara, circulacións, contrución de espazos e temporalidades. Esta esixencia de precisión está tamén ligada á vontade de inscribir o filme no cinema de xénero, lindando co fantástico na primeira parte, e unha segunda parte na que tiven como referencia *Asalto a la comisaría del distrito 13* (1976) de John Carpenter. A posta en escena remite á ficción, os actores remiten ao real.

**Aparte de Carpenter, había máis referencias cinematográficas?** Díxenlle ao equipo para a primeira parte que revisasen *Elephant* (Alan Clarke, 1989) e para a segunda a de Carpenter. Iso permitíume asentar as bases. A primeira versión do guión contiña as tres ideas esenciais: a estrutura, un esquema do estilo Clarke encóntrase con Carpenter, e o principio de concepción musical. Pero ollo, *Elephant* e o *Asalto...* non foron máis que modelos formais. Para min, son dous filmes políticos que funcionan sen discurso. Queríamos suscitar o pensamento a través do xesto e as accións dos personaxes, non polo diálogo.

Publicado en slate.fr  
Tradución: Xan Gómez Viñas

### NA LIBRARÍA NUMAX

**Cindy: the Doll is Mine, Bertrand Bonello**  
Shellac Sud [DVD]  
**Cofre Alan Clarke, Alan Clarke**  
Potemkine [DVD]

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | www.numax.org

**Abónate e ven sempre por 4,5€**

**Faite NUMAX!**